



**Comité Intercentros
Universidade de Vigo**

Rexistro nº 200300004137

O pleno do Comité Intecentros da Universidade de Vigo, na reunión celebrada o 2 de outubro de 2003, acordou apoiar a xestión realizada por Carmen Serra Rodríguez na Comisión de Selección da Oficina de Formación e Orientación ó Emprego (OFOE).

O artigo 22 do Iº Convenio Colectivo da Universidade de Vigo recoñece o dereito dos representantes dos traballadores a participar nos procesos de selección e nos anexos III e IV especifica claramente como ten que ser a estrutura das probas selectivas, segundo sexan estas, para seleccionar persoal fixo ou eventual.

Os delegados e delegadas designados pola parte social para participar nos tribunais e comisións de selección representan os intereses dos órganos de representación e polo tanto os intereses de tódolos traballadores e traballadoras.

Carmén Serra Rodríguez, foi nomeada polos Comités de Empresa de Pontevedra e Ourense, e neste momento, ó estar lexitimamente constituído o Comité Intercentros que emana dos dous anteriores, é a representante tamén deste último órgano, que asume e ratifica os escritos realizados polo Comité de Empresa de Pontevedra, escritos con rexistro de entrada: UVIGO 1202 Nº 200300001920, dirixido o Xefe de RR HH e UVIGO1202 Nº 200300001581, dirixido o Ilmo. Sr. Xerente e o Ilmo Sr. Vicerrector de Relacións Institucionais, que achegamos con este documento.

As centrais sindicais que formamos parte do Comité Intercentros participamos, e polo tanto apoiamos, os escritos que a nosa representante pediu que se engadiran á acta da reunión da Comisión de Selección da OFOE celebrada o 6 de agosto de 2003.

Vigo, 7 de outubro de 2003.
O PRESIDENTE DO COMITÉ
INTERCENTROS

Asdo.: Cándido Pérez Betanzos

**SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO.-
ILMO SR. VICERRECTOR DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS**